

# PAISAXE E SUSTETABILIDADE



**EQUIPO**

**COMPOÑENTES:**

Berta Campos e Francisco Obelleiro

CEIP Manuel Padín Truiteiro

# 1. INTRODUCCIÓN

Benvidos a esta nova unidade de investigación e coñecemento.

Os nosos ecosistemas están nun grave perigo porque o ser humano non respecta na maioría dos casos a súa diversidade a súa paisaxe, alterándoa con efectos irreversibles.

Os efectos tremendos van ser devastadores se non lle poñemos remedio...

Pero para poder axudar a salvalo é necesario que coñezamos os perigos que o acechan.

Na seguinte Unidade Didáctica trataremos o tema da paisaxe e da sostibilidade dende unha visión social e crítica da educación.

O obxectivo é emancipar e descubrir por parte dos nosos alumnos a realidade do que acontece no noso entorno coa construción de vivendas en lugares inapropiados, o consume de enerxías non renovables.

Así que ánimo....e imos pórnos mans á obra!!!



# SESIÓN 1. QUE SABEMOS?

Pensamos despois de ler as seguintes preguntas.

- Que é unha paisaxe?
- Que pode querer dicir a palabra sustentabilidade?
- Por que pode ser importante o estudo desta materia?
- Definimos entre todas e todos PAISAXE e SUSTENTABILIDADE

Que acontece se alteramos a paisaxe?

Que podemos facer para que esto non aconteza?

Cres que vivimos nunha sociedade sostible? Por que?

Escomenzamos a traballar o guión será o seguinte:

**Ideas previas** : verbalización de ideas previas.

1. Visionado do video: <https://www.youtube.com/watch?v=6TdvpIjzz4w> La importancia de la educación ambiental
2. Presentación de noticias coa finalidade de lembrar que información ten o alumnado do tema.
3. Reflexionaremos en asamblea e sacaremos conclusións.
4. Establecer hipótesis de traballo buscando información por grupos, procurando darlle un valor engadido ao tema, xa que son os nenos os que xeran información.
5. Presentación dos contidos propostos.
6. Conclusións sobre as causas da alteración da paisaxe e que podemos facer para construír unha sociedade máis sostible dende a escola e dende a casa.



Traballaremos, a partir da realización de distintas actividades.

## SESIÓN 2, 3 e 4

Lemos coa técnica da lectura compartida o libro de banda deseñada: "A viaxe de Ulo"



Coa súa lectura tentaremos fomentar o coñecemento dos elementos constitutivos antrópicos da paisaxe galega, da súa diversidade -descubriendo as analoxías co espazo próximo e o medio-, e da pluralidade de paisaxes e das accións humanas no territorio.

Tentar acadar un achegamento ás intervencións da especie humana no medio, a través de diversas vías que permitisen captar a dimensión temporal e histórica das paisaxes, ben a través da ubicación da

vivenda, da organización dos sistemas de cultivo ou do establecemento das redes de comunicación. Galicia e a nosa zona van ser o referente territorial, o que nos permitirá avanzar no coñecemento da súa estrutura e identidade territoriais.

Imos escomenzar coa lectura!

Relacionaremos o traballo da mesma cara a:

- O noso pasado máis próximo, como era Arcade e Soutomaior como é agora. Fotos antigas, verémolas na pantalla da aula. Genially.
- A introducción de novos elementos (tecnoloxía que nos fai a vida máis doada pero ...) e cambio de utilidade.
- Promoveremos un debate acerca das prácticas que inciden no desenvolvemento sustentable. ( centros comerciais fronte ás tendas de barrio, infraestructuras viarias, contaminación acústica e lumínica)
- A influencia da actividade humana sobre o medio.

Conduciremos o noso traballo cara unha perspectiva paisaxística na que estea sempre presente o elemento causa-consecuencia, concluíndo na observación seguinte: a modificación dalgún elemento que configura o territorio (climatolóxico, arquitectónico, ambiental...) implicará sempre a transformación de calquera dos outros elementos que o integran (movementos de poboación, vías de comunicación, factores enerxéticos...)

Realizaremos na materia de lingua galega as nosas producións en banda deseñada nas que plasmaremos unha viaxe polo noso entorno, realizarémola en equipo e coa técnica do folio xiratorio.

## SESIÓN 5

Observamos as seguintes fotografías do concello de Soutomaior e en equipo reflexionamos sobre a paisaxe que estamos vendo e se observamos unha poboación sustentable e por que?



Que nos suxiren estas fotografías? Parécennos paisaxes que respetan o entorno? Vemos algo que non debería estar? Vale todo para instalar enerxías renovables na natureza?

Que debemos respectar?

Posta en común.

## CINEFORUN

En diferentes sesións veremos a película HOME (ES)

<https://www.youtube.com/watch?v=SWRHxh6XepM>

Realizaremos despois de cada sesión postas en común sobre o que imos vendo.

Na materia de Ciencias Naturais realizaremos unha aldea sustentable como produto final

## RECURSOS

Libros de consulta

Páxinas web recomendadas:

[http://proxectoterra.coag.es/wp-content/uploads/2015/08/PR\\_3%C2%BAciclo-Conto-AViaxeDeUlo\\_Prof\\_Guia.pdf](http://proxectoterra.coag.es/wp-content/uploads/2015/08/PR_3%C2%BAciclo-Conto-AViaxeDeUlo_Prof_Guia.pdf)

## CONCLUSIÓN

Unha vez que rematedes a vosa investigación e antes de dar por concluído o traballo debes reflexionar acerca do traballo realizado.